

A loita no mar

A contención e recollida dos hidrocarburos no mar débese facer o máis rapidamente posible para evitar que se estenda e que remate nos fondos e na costa, de onde é máis difícil retiralo



Para combater a marea negra do "Prestige" a xente do mar elaborou barreiras con todo tipo de materiais: redes, bidóns, almofadas, mantas, poliexpán...

Medios de contención: BARREIRAS

Os métodos de contención aplícanse para evitar o avance ou a dispersión dos verquidos.

Barreiras inchables (verticais)

Resultan moi útiles para protexer praias, enseadas, portos...



Barreiras horizontais
Téndense nas praias para recoller as pequenas partículas de hidrocarburos. Poden ser de rede, malla plástica, gasas, tecidos reutilizados...



Barreiras en terra:
constrúense con sacos de area, balas de palla, pedra... para pechar espazos sensibles.



Limpeza dos fondos

Para a limpeza dos fondos mariños é necesario o traballo de mergulladores que poden extraer os hidrocarburos á man ou utilizar bombas de aspiración con apoio de embarcacións.



Extracción e eliminación no mar

Barcos especializados: dotados de barreiras de contención e sistemas de extracción (bombas de succión, cintas transportadoras...)

Cando se traballa sobre manchas dispersas concéntranse con redes, barreiras ou xaulas para aumentar a eficacia dos sistemas de recollida.



Diante da falta de medios os mariñeiros usaron os seus propios barcos e os medios máis diversos para recoller e transportar o fuel do "Prestige"



Para recoller pequenas porcións úsanse aparellos manuais da máis diversa indole: truels, tixolas furadas, forcados...



Para combater as mareas negras tamén se poden empregar **métodos químicos**, aínda que son pouco recomendables pola súa acción contaminante ou tóxica: **dispersantes e deterxentes, absorbentes e a combustión.**

Xel absorbente



A combustión dos hidrocarburos reduce a extensión da marea negra, pero traslada a contaminación á atmosfera.